



Federación Galega de Pesca e Casting  
Praza Agustín Díaz 1  
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5  
15008 a Coruña  
[www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org)  
[federación@fgpesca.org](mailto:federación@fgpesca.org)



# CAMPIONATO SELECTIVO

## AUGA DOCE 2023

**ESCENARIO 1º DÍA:** Encoro de San Martiño (A Rúa)

**DATA:** 13 de Agosto

**ESCENARIO 2º DÍA:** Encoro de San Martiño (A Rúa)

**DATA:** 3 de Setembro

### BASES

**Normas xerais.-** Este Campionato desenvolverase conforme ás presentes bases, ao regulamento aplicable a esta especialidade e ás normas vixentes en materia de pesca na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Normativa particular.-** Os escenarios estarán divididos en catro sectores, os cales constarán de tanto por postos de pesca coma o número que resulte de dividir o total de deportistas inscritos por catro. Eses postos serán adxudicados aos participantes mediante sorteo directo. A competición constará de 2 mangas por día e os deportistas trocarán posto en cada unha delas.

#### **PROGRAMA (para os dous días)**

- 07,30 – Recepción dos participantes no escenario da proba. Sorteo.
- 08,00 – 1ª sinal.- Entrada aos postos, montaxe do material e probado de calados.
- 09,50 – 2ª sinal. Cebado intensivo.
- 10,00 – 3ª sinal. Inicio da acción de pesca (1ª manga).
- 12,55 – 4ª sinal. Faltan 5 minutos para o remate da 1ª manga.
- 13,00 – 5ª sinal. Final da 1ª manga.

Unha vez rematada a acción de pesca, o deportista, fixese ou non capturas, permanecerá no seu posto sen manipular as capturas agardando a que os membros da organización realicen a pesaxe. As capturas voltarán ao redello unha vez pesadas e este será introducido na auga. A continuación o deportista actuará como testemuña na pesaxe do seguinte participante. Ao remate da pesaxe do sector, os membros da organización darán a orde de voltar os peixes do redello á auga.



Federación Galega de Pesca e Casting  
Praza Agustín Díaz 1  
Complexo Deportivo de Elviña, Local 5  
15008 a Coruña  
[www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org)  
[federación@fgpesca.org](mailto:federación@fgpesca.org)



14,30 - 6ª sinal- Entrada aos postos, colocación do material e proba de calados.  
15,50 - 7ª sinal. Cebado intensivo.  
16,00 – 8ª sinal. Inicio da acción de pesca (2ª manga).  
18,55 – 9ª sinal. Faltan 5 minutos para o remate da segunda manga.  
19,00 – 10 sinal. Final da proba.

Repetirase o sistema de pesaxe da 1ª manga e publicación da clasificación.

**O segundo día de competición proclamarase aos tres deportistas que representarán a Galicia no Nacional 2024.**

**MATERIAL.** –Unha cana en acción de pesca con ou sen carrete, podendo ter montadas ou non as que precise (en reserva). A lonxitude máxima da cana será de 13 metros.

**ENGODO.** – Inspeccionarase o seu volume. Permítese un máximo de 17 litros de engodo listo para empregarse (mollado e cribado) sen compactar nin dar forma en bolas. Tamén se permiten 2 litros de asticot por manga, podendo empregarse este último para cebar as augas.

**CAPTURAS.** – As percasoles, carpas, black bass e calquera outra especie do catálogo de especies exóticas ou invasoras. haberá que gardalas en seco e non poderán ser contabilizadas na pesada total de capturas. Para a pesada as capturas deberán estar completamente limpas de terra, area ou calquera outro tipo de lixo.

Cada deportista será responsable da retirada e xestión dos exemplares de especies exóticas ou invasoras presentadas á pesaxe.

Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ao entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

**Os tres deportistas primeiros obterán praza no campionato nacional da especialidade 2024. Se algún deses tres postos fose ocupado polo vixente campión autonómico correrase a lista ata 4º posto.**



Federación Galega de Pesca e Casting  
Praza Agustín Díaz 1  
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5  
15008 a Coruña  
[www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org)  
[federación@fgpesca.org](mailto:federación@fgpesca.org)



Tódolos participantes deberán formalizar a súa inscrición e confirmar a súa participación, ata a data linde do 5 de agosto do 2023 ás 14:00 horas, ao correo [ourensedelegacion@fgpesca.org](mailto:ourensedelegacion@fgpesca.org). A inscrición será para as dúas xornadas. No caso de non comparecer un deportista, en calquera das dúas xornadas, sen xustificación fidedigna, o Comité de Disciplina da FGPeC actuará de oficio.

**O escenario do campionato poderá ser substituído por outro ata unha semana antes da proba, se o escenario oficial non cumprira coas necesidades da proba.**

Descenderán tantos deportistas como sexan necesarios para que o selectivo quede en 18. Os descensos empezarán a contar polo último clasificado e iranse adxudicando en orde ascendente ata o 19º posto da clasificación final.

Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma e elevarase acta ao Comité de Disciplina ou Xuíz Único de Competición que, se procede, iniciará o expediente oportuno.

Os deportistas convocados para esta competición son os que se relacionan no ANEXO I destas bases.

Para calquera incidencia non prevista nestas bases será o xuíz da proba quen tome as decisións que entenda oportunas.

Para poder participar, tódolos deportistas, e os seus respectivos clubs, deberán de estar ao corrente das súas obrigas coa Federación Galega de Pesca e Casting.

A organización non servirá nin fará servir ningunha sorte de avituallamento.

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de whatsapp da mesma sen previa solicitude de autorización.

**Pablo de Andrés Vales**  
**Presidente do Comité de Auga Doce da FGPeC**

## ANEXO I

<b>José Manuel Pinto Ribeiro</b>	<b>SPF Valdeorras</b>
<b>Fernando Vilas Seoane</b>	<b>Pesca Barbanza</b>
<b>José Manuel Fernández Rodríguez</b>	<b>Pesca Barbanza</b>
<b>Jesús Delgado López</b>	<b>SPF Valdeorras</b>
<b>B. Francisco Rodríguez Bejarano</b>	<b>ADN Ribadavia</b>
<b>Joaquín Iglesias Álvarez</b>	<b>O Isco</b>
<b>Pedro Bolaño Pérez</b>	<b>ADN Ribadavia</b>
<b>Alfredo José Martínez Perales</b>	<b>SPF Valdeorras</b>
<b>Lázaro Benítez Mouriño</b>	<b>CPD Río Deza</b>
<b>Rubén Silva Álvarez</b>	<b>SPF Valdeorras</b>
<b>Federico Serrano Martínez</b>	<b>O Isco</b>
<b>José Manuel Fariña Bermúdez</b>	<b>Pesca Barbanza</b>
<b>José Emilio Rodríguez Fernández</b>	<b>O Peixe</b>
<b>Juán José Lopera Rodríguez</b>	<b>SPF Valdeorras</b>
<b>Emilio Andrés García</b>	<b>Pesca Barbanza</b>
<b>Modesto Andrés García</b>	<b>Pesca Barbanza</b>
<b>Raúl Álvarez Pérez</b>	<b>SPF Valdeorras</b>
<b>Avelino López González</b>	<b>A.P.D. Robalo</b>
<b>Pedro Toucedo Iglesias</b>	<b>O Isco</b>
<b>Ignacio Luis Álvarez</b>	<b>SPF Valdeorras</b>
<b>Francisco Crespo Crespo</b>	<b>SPF Valdeorras</b>